

Memoria **xustificativa** dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o **Concello de Riós** para a execución do proxecto denominado **Limpeza urxente de 15 sistemas de depuración do Concello de Riós**

## 1. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

## 2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar co Concello de Riós un convenio para a execución do proxecto denominado Limpeza urxente de 15 sistemas de depuración do Concello de Riós.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 28 de decembro de 2023 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024 e as actuacións ás que se destina,



aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2013 00770 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco e, entre elas, o funcionamento e os traballos dos grupos ou brigadas municipais de emerxencias.

### **3. Finalidade**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Riós o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2024.

### **4. Obxecto do convenio**

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Riós a execución do proxecto denominado Limpeza urxente de 15 sistemas de depuración do Concello de Riós.

### **5. Fundamentos do convenio**

O Concello de Riós manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para acometer o proxecto denominado Limpeza urxente de 15 sistemas de depuración do Concello de Riós que ten por obxecto a realización de traballos de limpeza, extracción e aspiración de fangos así como sólidos inertes que conteñen os sistemas de depuración situados en zonas verdes destinadas a actividades agrogandeiras e tamén en zonas de tránsito.

Nunha recente inspección das instalacións de depuración do Concello, identificáronse verteduras ao medio natural en 15 fosas sépticas. Estas verteduras prodúcense a través das tapas de rexistro, tanto da propia fosa coma das arquetas de desbaste previo que forman o sistema de tratamento das augas residuais e poden ser un foco de infección e contaminación que afecte as augas superficiais e as augas subterráneas.

A pesar de realizarse de forma periódica o mantemento preventivo dos sistemas de depuración, debido ao aumento estacional da poboación na temporada estival produciuse un aumento de caudal a tratar o que deu lugar a que 15 fosas sépticas do Concello sufrisen continuos atasques e colmatacións pola sobrecarga de material inerte que reduciu apreciablemente a capacidade de tratamento das fosas e está producindo continuos desbordamentos, derramándose a auga ao medio sen o adecuado tratamento, verteduras e malos olores, que xeran mal estar e preocupación na cidadanía.

A vista da situación descrita compre actuar de maneira urxente, realizando traballos de limpeza e baleirado parcial das fosas afectadas coa extracción da materia inerte como áridos decantados e sólidos flotantes que están afectando ao funcionamento destes sistemas de depuración.



A necesidade da colaboración solicitada á e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Riós de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2013 00770 Fondo Compensación Ambiental. Convenios grupos emerxencias.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Riós .

## **6. Aplicación orzamentaria e importe**

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, alcanzará a cantidade máxima de CATORCE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (14.858,69€) con cargo á aplicación orzamentaria 35.04.141A.461.1 (CP 2013 00770) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 14.858,69 €

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

*Documento asinado dixitalmente á marxe*

